



Unha película dirixida por
CHELO LOUREIRO

Só tes que ser ti

Valentina

Coas voces de ANDRÉS SUÁREZ
MARÍA MANUELA · UXÍA · PILOCHA
BSO de NANI GARCÍA

www.valentinafilm.es

abano

ANTARUKA

goverde

SPK
SPARKLE
ANIMATION

rtve

G
TELEVISIÓN DE GALICIA

AGADIC

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

cre

AFIGAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

Concello de Vilalba

Supers

Título: VALENTINA
Xénero: Aventura - Musical
Público: 3 a 7 Anos - Familiar
Técnica: Animación 3D, 2D
Duración: 65 min
Año de produción: 2021
Idiomas: Galego (V.O.) - Castelán
Dirección: Chelo Loureiro
Guión: Lúa Testa, Chelo Loureiro
Música: Nani García, Emilio Aragón
Deseño de personaxes e fondos: David Pintor
Estudio de animación: Antaruxa
Voces: María Manuela, Andrés Suárez, Coke Couto, Uxía,
Pilocho, Lúa Testa, Helga Méndez, Charo Pena
Produción executiva: Chelo Loureiro
Produtoras: Abano Producións, Antaruxa, El Gatoverde
Producciones, Sparkle Animation, Valentina la película AIE.
Coa participación de: TVG, RTVE
Co apoio de: ICAA, AGADIC (Xunta de Galicia)
Distribuidora de cine: Super8
Distribuidora en Galicia: CineNaRua





Unha aventura acrobática e musical

Valentina está cansa de ter a **síndrome de Down**, convencida de que é o motivo que lle impide alcanzar o seu soño: ser trapecista. Pero nunha viaxe máxica descubrirá todo aquilo do que é capaz.



SINOPSE

Valentina quiere cambiar

Valentina soña con ser trapecista, pero cre que nunca poderá conseguilo por ter a síndrome de Down. A súa **avoa** -que lle ensina a xogar ao xadrez e un montón de cancións- anímaa sempre a perseverar: Se as eirugas conseguen converterse en bolboretas, nada é imposible. Nunca debemos perder a ilusión nin as gañas de aprender; mírame a min, eu aínda estou decidida a ser directora de orquestra algún día!

Pero Valentina non está moi convencida, pensa que un verme é demasiado noxento como para converterse en bolboreta...Como será esa metamorfose da que fala a **Avoa**? Cando se dispón a preguntalo, **Papá e Mamá** danlle unha noticia desconcertante: A Avoa marchou de viaxe. De viaxe? Sen tan sequera despedirse?

Acompañada do seu inseparable rato **Chiqui** e o divertido equipo do seu **taboleiro de xadrez**, Valentina emprende unha trepidante aventura musical en busca da Avoa e percorrendo fermosos lugares ao son das cancións que cantaba con ela. A travesía (na que se atopa con músicos e cómicos de todos os tempos) aprenderalle a elixir o que quere e a perseguilo con determinación, pero sen deixar de ser ela mesma. Descubrirá tamén que a Avoa está feliz no *País dos que Nunca Esquecemos*, onde por fin dirixe a súa marabillosa orquestra (consequiuno!).

Tras a viaxe máxica, Valentina volve á casa coa súa metamorfose xa feita (esa extravagante palabra que lle gustaba á Avoa e que ela nunca foi capaz de pronunciar). Por fin entendeu que todas as persoas son distintas e, precisamente por iso, cada calidade convérteas en únicas.

Non é necesario cambiar, só tes que ser ti. Valentina volve ilusionada por compartir esa aprendizaxe con todas as nenas e nenos do mundo. Pero, iso si...**CANTANDO!**





INTENCIÓN

Un canto pola inclusión e a infancia

As persoas con discapacidade intelectual, a pesar dos grandes avances sociais acadados, seguen demandando unha maior e máis axustada presenza social que elimine estereotipos e lles permita **avanzar cara a inclusión**.

VALENTINA nace, entre outras cosas, da vontade de visibilizar a realidade dun colectivo que quere ser artífice da súa propia mensaxe no camiño cara a plena cidadanía. En primarísimo plano e en primarísima persoa, a película conta -en clave fantástica- a maneira na que unha nena con síndrome de Down aprende, relacionase, evoluciona. Como todas. Valentina fai unha viaxe que a fai cambiar, non porque experimente unha transformación milagreira, senón porque se **coñece mellor a si mesma**. Como todo o mundo. É a historia dunha nena e a súa actitude activa respecto ao que lle pasa, unha nena pola que non hai que sentir compaixón nin unha grande admiración, só empatía. E á que é moi recomendable seguir na súa viaxe **porque é moi divertido!** VALENTINA é unha aventura musical mexida por unha serie de cancións que percorren lugares nunca antes vistos, porque nunha antes se utilizou esta mirada. O proxecto transita en tres dimensións:

Primeiro, a **dimensión social**. No desenvolvemento da produción seguiu-se a guía de profesionais do Terceiro Sector, e o propio proceso foi un exercicio de inclusión, xa que varias nenas coa síndrome de Down traballaron con tesón para crear a personalidade de Valentina. Nesta dimensión cabe destacar tamén á Avoa, que pode servir de espello para quen se enfrente ao duro reto de educar; a avoa de Valentina quérea, cóidaa e estímúlaa sen xulgala. Todo o mundo quere o mellor para a infancia, pero sexan como sexan os nenos e nenas, hai determinados pasos que toda persoa precisa facer

polo seu propio pé. Esta mensaxe é válida para calquera ser humano, con discapacidade ou sen ela. É válido tamén para o outro extremo da vida, porque a Avoa non está disposta a que a etiqueta de anciá lle arrebate todo o que aínda soña por facer.

En VALENTINA hai tamén unha inxente **dimensión artística**, porque se buscaron persoas das máis sensibles mans e expertas voces para darlle forma, cor e vida. Baixo a sensible batuta da cineasta Chelo Loureiro desfilaron artistas da talla de Emilio Aragón, o ilustrador David Pintor, o cantautor Andrés Suárez ou a cantante lírica María Manuela -por mencionar só algúns-, para dar lugar a unha delicada peza chea de tenrura, emoción e música apegadiza. E non esquezamos a **dimensión comercial**. A viaxe de Valentina vai gustar a calquera persoa que desfrute soñando e cantando (e tamén a quen a acompañe ao cine ou estea xunto a elas no sofá para desfrutalo, claro).

VALENTINA, ademais dun colorido **produto de entretemento**, pode ser **vehículo de sensibilización** ou o contido central dun **proxecto educativo**. Na era dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, as industrias culturais non poden ser menos na suma de vontades pola transformación social, e máis cando esa intención non afecta en absoluto á vertente industria. Ao contrario: VALENTINA pode ser tamén a orixe doutros produtos de entretemento en **canles diferentes** ás salas ou aos televisores. Polo momento é, ante todo, unha oportunidade única para **deixarse levar desfrutando dunha divertida e tenra viaxe**.



PERSONAXES

Só tes que ser ti



VALENTINA

Soñadora, leda, inocente. Ten a síndrome de Down e iso faina sentir insegura. Coa Avoa ten unha relación moi especial, admíraa pola súa actitude vitalista, aínda que non sabería poñelo en palabras. A aventura que vai emprender vaina facer medrar e comprobar que sabe e pode elixir as cousas que quere. Tamén que as persoas queridas teñen que marchar a cumprir os seus soños para que as demais poidan cumprir os seus. E que ter síndrome de Down é o que a fai ser quen é: unha nena feliz.



A AVOA

Ensínalle todo a Valentina da maneira máis divertida: cantando. Non para de cantar! Considera que todo é posible se nos esforzamos en acadalo. Soña con chegar a ser directora de orquestra e, de feito, vai conseguilo cando chegue ao *País dos que Nunca Esquecemos*. Pero antes de irse, intentará transmitir a Valentina a súa filosofía de vida: todo é unha cuestión de actitude. Alegría, perseveranza -e moita paixón!- son as claves do éxito. O seu maior orgullo é terlle deixado a Valentina un legado de xogos, ocorrencias e, por riba de todo, cancións.



CHIQUI

É o mellor amigo de Valentina. Cando está triste, Valentina chámalo cunha canción para que o console. Ela sabe que todo o mundo cre que é imaxinario, pero equivócanse...e que non lle cantan! É un pequeno rato mudo e xoguetón, pero sobre todo larpeiro. Cre cegamente en Valentina e é capaz de facerlle calquera cousa para arrincarlle unha gargallada. É un pouco medoso, pero sinte que fai un equipo invencible xunto a ela. A súa canción favorita é *Ti es especial*, e é que se diría que está escrito para eles. Por iso sempre que a escoita, aparece e ponse a bailar...ata que aparece un adulto e agóchase.



PAPÁ E MAMÁ



REI E RAÍÑA



CABALO

Son, simplemente, Mamá e Papá. Queren o mellor para Valentina e pode que a protexeran demasiado, pero cren nela e no seu potencial. Teñen medo de que sufra e non saben como contarlle a que a Avoa se foi de viaxe...e que non volverá máis. Para a súa sorpresa, Valentina contaralles que a Avoa está moi feliz no *País dos que Nunca Esquecemos*. E que ela xa se fixo maior, saberán acompañala?

Son las fichas máis solemnes do xadrez, ese xogo co que Valentina e a Avoa poden pasar tardes enteiras cando a choiva impide saír ao parque. Son responsables e racionais. Cumpren coa función de pais de Valentina cando está soñando, saben máis do que din e anímana e axúdana a descubrir os seus propósitos por si mesma. Lideran o taboleiro de xadrez e intentan poñer algo de orde entre as súas caóticas e aloucadadas pezas. Pero tamén son ledas e non dubidan en cantar e bailar como o resto e embarcarse en fantásticas aventuras para acompañar a Valentina. Son un binomio, e moitas veces o Rei remata a frase que comezou a Raíña e sempre están dacordo. A súa palabra favorita é *naturalmente*.

É tremendamente cándido. É o máis pequeno do taboleiro, entusiasta, divertido e impulsivo. O que quere é divertirse e que todo o mundo ao seu redor estea feliz. Moitas veces trabúcase por actuar antes de pensar e sorprende con ocorrencias inesperadas que causan risa. Sabe que moitas veces mete a pata, pero non é capaz de conterse. E ante as risas de quen o rodea nunca se acomplexa porque se sente querido e respectado, e está sempre disposto a axudar a Valentina en todo canto se propoña.



PEÓNS

Son un montón e están toliños. Cando falan, falan a coro, aínda que sen a harmonía que podería agardarse. Pero tamén demostran unha gran xenerosidade e sempre intentan ser útiles (algo que conseguen en poucas ocasións...).



ALFIL

É tímido e moi alérxico, sempre tose cando menos lle convén: cando intenta pasar desapercibido, cando intenta falar, cando se concentra para facer o seu mellor número de circo...non pode evitalo! Moitas veces provoca as risas ou os reproches dos seus camaradas, pero el nunca se enfada. Total, non merece a pena.



TORRE

É moi curiosa, gústalle aprender e fíxase moito nas outras persoas para que non se lle escape nin unha. É unha fan potencial e imita o que lle gusta, pero non quere chamar a atención, faino para ela e coa ilusión de mellorar.





TALENTO



DOUS ACRÓBATAS MUSICAIS

NANI GARCÍA Banda sonora orixinal

Co-responsable da banda sonora orixinal de Una mujer fantástica, gañadora do Óscar á mellor película de fala non inglesa en 2017, e compositor da partitura dunha lista infinita de longametraxes, series de televisión, documentais e proxectos culturais premiados por todo o mundo, Nani García compuxo e dirixiu a partitura da música que levará a Valentina pola súa divertida viaxe.



EMILIO ARAGÓN Cancións

A súa indiscutible habilidade para chegar a todos os públicos coas súas apegadizas melodías e divertidas letras volven poñerse de manifesto nas cancións que compuxo para a película. O seu poder de convocatoria será sen dúbida un valor engadido para que todo o mundo coñeza a aprendizaxe de Valentina.



LUCÍA SEREN
VOZ DE VALENTINA (GALEGO)



JOSEPHINE LOCKHART
VOZ DE VALENTINA (CASTELÁN)

MOITAS VOCES DE CORES

Grazas á axuda da Fundación Down España, Fundación ONCE, e varias asociacións autonómicas Down, Valentina contou con dúas incansables actrices de doce anos coa síndrome de Down, Lucía Seren (versión galega) e Josephine Lockhart (versión castelán), para darlle unha voz realista. A co-guionista e tamén actriz na película Lúa Testa, fixo un intenso traballo de dirección para sacar o mellor das artistas noveis. Tres grandes damas da canción lírica en Galicia, María Manuela (que interpreta á Avoa), Uxía e Pilocho prestaron as súas fantásticas voces para que os personaxes falen e canten.

O cantautor ferrolán Andrés Suárez, entre concerto e concerto por estadios de toda España, puxo a súa cálida voz a dous personaxes e cantou varios dos temas de VALENTINA. Tamén prestaron a súa voz falada e cantada artistas de enorme talento como o cantante novo de trece anos Coke Couto, Charo Pena e Helga Méndez.





MARÍA MANUELA
Voz de A Avoa



ANDRÉS SUÁREZ
Voz de Papá e Rei



UXÍA
Voz de Dona Lola



PILOCHA
Voz de Dona Flor



COKE COUTO
Voz de Alfil



LÚA TESTA
Voz de Mamá e Raíña,
dirección de reparto e guión



UN PINTOR DE MUNDOS

DAVID PINTOR

Deseño de personaxes e fondos

Dende o punto de vista visual, VALENTINA ten un deseño sinxelo adecuado ao público preschool, pero coidado ata o mínimo detalle, con clara personalidade e, sobre todo, cheo de cor. O encargado de crear o mundo gráfico da película é David Pintor, ilustrador cunha longa lista de premios internacionais con máis de setenta libros publicados en varios idiomas. O artista foi capaz de reflectir a identidade e as características físicas da protagonista cos mínimos elementos, pero tamén cunha carismática forza visual. A elección de Pintor como creador gráfico foi motivada tamén polo seu talento como caricaturista, calidade imprescindible para poder realizar unha secuencia na que desfilarán grandes músicos e cómicos xa desaparecidos pero que permanecen na memoria colectiva, nun xesto dirixido aos adultos que acompañen ao noso público máis novo.





UNHA VIAXEIRA INTRÉPIDA

CHELO LOUREIRO

Guión, dirección e produción

VALENTINA é a ópera prima como directora desta veterana produtora que durante décadas deu forma a proxectos de animación e imaxe real xunto a recoñecidos nomes como Miguelanxo Prado, Alberto Vázquez, José Saramago, Isabel Herguera, Jorge Coira e un longo etcétera. As súas producións, nas que a miúdo exerceu unha intensa labor creativa, recompilaron unha gran cantidade de galardóns -incluídos varios premios e nomeamentos aos Goya- e seleccións en festivais de todo o mundo como Cannes, Toronto ou Annecy (referente mundial en animación). Defensora incansable do cine de calidade e o coidado da infancia, Chelo ten unha habilidade especial para facer brillar o valor universal da creación cultural de autor; e a súa filmografía demostra un indubidable afán por apoiar o cambio social.





DESEÑO VISUAL

Redebuxando as pedras do camiño




As contornas que xeramos nos que transcorre a acción están inspirados nos escenarios naturais da xeografía galega e concretamente nos enclaves do Camiño de Santiago, rurais e urbanos. Xa que a versión orixinal da película é en galego, non podíamos máis que situar a acción en Galicia e en espazos que con seguridade poderán ser identificados polos espectadores como é a propia cidade de Santiago de Compostela, coa catedral ou a inconfundible Praza de Praterías e a súa fonte dos Cabalos, o Parque de Bonaval cos seus camiños e bancadas, a súa horta, a súa espectacular carballeira e o seu tranquilo cemiterio que constitúe un lugar tan especial como perfecto para que Valentina se perda perseguindo unha bolboreta.

Modelamos en 3D toda a cidade vella cos seus rueiros e arquitectura románica e barroca. Tamén nas contornas naturais poderemos identificar as paisaxes verdes e a arquitectura rural tan característica da nosa Comunidade e que axudará a dotar de personalidade propia a película, alonxándose de lugares comúns que poden estar en calquera sitio ou en ningunha parte, propios da maior parte de películas de animación.









NOTAS

UNHA NENA COMO TODAS, TENAZ COMO NINGUNHA

«Cando cumprín dous anos, a miña irmá tivo a polio, polo que desde aquela convivín con nenas e nenos con dificultades especiais, porque no incontable número de hospitalizacións polas que se viu obrigada a pasar, con estancias de moitos meses, deunos tempo a coñecer decenas de historias de nenos con síndromes, trastornos, malformacións ou problemas que os facían diferentes ao resto da xente. Eu comprobei que eles vivían a súa infancia con total normalidade, porque as súas hospitalizacións e as súas diferenzas, para eles eran normais porque eran cotiás. Pero era ese resto da xente quen os facía, en canto saían da súa cotiandade, sentirse estraños.

Dende entón tiven na miña cabeza a necesidade de contar unha historia protagonizada por unha persóina considerada diferente. Diferente aos ollos dos demais, porque Valentina sente, soña, ri, enfádase e vive a súa aventura como calquera outra nena. Valentina sofre a metamorfose que todos atravesamos no noso proceso de crecemento e rematará por transformarse -grazas a non perder a súa ilusión, nin a súa curiosidade, nin o seu amor incondicional pola súa avoa-, nunha bolboreta segura de si mesma, convencida do que todos xa intuíamos: que é única.

Precisei case sesenta anos e un montón de experiencia acumulada para atreverme con esta entrañable -para min, sen dúbida- ópera prima. Nunca é tarde...Os anos que levo producindo animación e, sobre todo, producindo curtametraxes de animación con cineastas noveis cos que é imprescindible implicarse polas connotacións

específicas do audiovisual animado, no que un pequeno erro pode supoñer un custo que faga naufragar un proxecto, obrigáronme a remangarme en multitude de ocasións e reescribir guións ou replanificar planos e secuencias. Creo sinceramente que foi unha carreira profesional tan enriquecedora a todos os niveis que é o motivo polo que me sinto segura e lexitimada para poñerme á fronte da dirección, esta vez xa en solitario. Outro tanto podería argumentar con respecto ao guión polos centos de guións lidos, como produtora e como xurado en importantes premios de guión como o Julio Alejandro.

Na metade do proceso de produción de VALENTINA sobreveunos a pandemia do coronavirus pero, como se o propio equipo se impregnase da tenacidade da nosa protagonista, a produción non se parou. Trasladamos todos os equipos ás casas de quen estaba a levar a cabo a animación, tivemos que desenvolver novas ferramentas para traballar na distancia e tomar nun só día decisións que normalmente se sopesan durante meses. A produción desta aventura foi realmente todo un exercicio de perseveranza, lidando coas estrañas circunstancias nas que o mundo enteiro se viu envolto. Pero coa seguridade, como a que alcanza a propia Valentina tras a súa viaxe, de que a adecuación do entorno, sumada á propia vontade, nos fixo conseguir moito máis do que nos criamos capaces».

CHELO LOUREIRO
DIRECTORA




PRODUTORAS

ABANO PRODUCCIONES

Adicada á produción audiovisual dende 2007, o éxito da compañía está avalado pola carreira profesional do equipo directivo, cunha ampla experiencia nas industrias culturais e especialmente na produción de proxectos de animación. A súa experiencia abarca longametraxes, curtametraxes, documentais e series televisivas realizadas en todas as técnicas (2D, 3D, S3D, stop motion...) conseguindo unha gran cantidade de premios internacionais.

Na súa liña editorial destacan historias cheas de elementos fantásticos dirixidas a diferentes audiencias, dende nenos ata adultos. No terreo dos contidos preschool, a produtora deu a vida a éxitos como a saga LA TROPA DE TRAPO (nomeadas aos Premios GOYA) e apostando polo talento novo producindo curtametraxes como DECORADO, co que obtivo o Premio Goya e máis de 100 premios internacionais, HOMOMAQUIA ou CARNE, a súa última produción que foi seleccionada en máis de 90 festivais (Locarno, Annecy, Toronto...) nos seus primeiros seis meses de andadura e obtido máis de 90 premios.

Máis información en www.abano.es



FILMOGRAFÍA

UNICORN WARS. Longametraxe de animación en produción. Guión e dirección: Alberto Vázquez.

EI SUEÑO DE LA SULTANA. Longametraxe de animación en preproducción. Guión: Isabel Herguera e G. Serra. Dirección: Isabel Herguera.

CARNE. 2019. Curtametraxe de animación. Guión e dirección: Camila Karter

HOMOMAQUIA. 2019. Curtametraxe de animación. Guión e dirección: David Fidalgo Omil.

THE NEVERENDING WALL. 2017. Curtametraxe de animación. Guión e dirección: Silvia Carpizo.

DECORADO. 2016. Curtametraxe de animación. Guión e dirección: Alberto Vázquez.

MIGAS DE PAN. 2016. Longametraxe de ficción. Guión: M. Rodríguez e X. Bermúdez. Dirección: Manane Rodríguez.

TORRE DE BREOGHÁN. 2016. Longametraxe documental. Guión e dirección: Jorge Coira.

LA TROPA DE TRAPO EN LA SELVA DEL ARCO IRIS. 2014. Longametraxe de animación. Dirección: Álex Colls.

LA TROPA DE TRAPO EN EL PAÍS DONDE SIEMPRE BRILLA EL SOL. 2010. Longametraxe de animación. Dirección: Alex Colls.

EL GIGANTE. 2012. Curtametraxe de animación. Dirección: Luis da Matta e Julio Vanzeler.

LA CRISIS CARNÍVORA. 2008. Longametraxe de animación. Dirección: Pedro Rivero.

EL SOLDADITO DE PLOMO. 2008. Curtametraxe de animación. Dirección: Virginia Curiá e Tomás Conde.

LA FLOR MÁS GRANDE DEL MUNDO. 2007. Curtametraxe de animación. Dirección: J.P. Etcheverry.

SUEÑOS DESDE EL ABISMO. 2006. Longametraxe documental. Guión e dirección: Sandra Sánchez.

DE PROFUNDIS. 2006. Longametraxe de animación. Dirección: Miguelanxo Prado.



PREMIOS E FESTIVAIS

Premios CARNE

- Premio Young Jury Pardo di Domani Festival Internacional Locarno 2019 (Suiza).
- Premio Bronce Star El Gouna Film Festival 2019 (Egipto).
- Premio Mellor Documental Luststreifen Film Festival 2019 (Suiza).
- Premio Mellor Corto Europeo, Seminci 2019 (España).
- Máis de 90 premios internacionais.
- Selección Competición Oficial en Annecy, TIFF, Hamptons NY, Dok Leipzid, Philadelphia,...

Premios HOMOMAQUIA

- Nomeado Mellor Curta Animación Premios Goya 2019.
- Premio Mestre Mateo Mellor Curta Animación.
- Selección Competición Oficial en máis de 100 festivais: OUFF, Cans, Madrid Indi, Colombia, México, Chile, Brasil, Perú,...

Premios THE NEVERENDING WALL

- Seleccionado por Euro-Connection para representar a España en Clermont-Ferrand (Francia).
- Teheran International Short Film Festival 2017(Irán) - Mellor Curta Animación.
- Baixada Animada - Mostra Iberoamericana de Cine de Animación 2017 (Brasil) - Mención Especial do xurado.
- Palm Springs International Animation Festival 2017 (Estados Unidos) - Best Global Issues & Socially Relevant Animated Short.

Premios DECORADO

- Premio Goya Mellor Curta Animación 2017.
- Premio Mestre Mateo 2017.
- Seleccionado Quincena Realizadores Cannes (Francia).
- Premio Annecy (Francia).
- Máis de 100 premios internacionais.

Premios MIGAS DE PAN

- Seleccionada para representar a Uruguay ao Premio Oscar á Mellor Película de fala non inglesa.
- World Festival Montreal (Canadá) - Selección Oficial a competición.
- Premio Público Festival Derechos Humanos de Buenos Aires (Argentina).

Premios TORRE DE BREOGHÁN

- Nomeado ao Premio Mestre Mateo. Mellor longametraxe Documental 2016.



Premios LA TROPA DE TRAPO EN LA SELVA DEL ARCO IRIS

- Nomeada ao Premio Goya a Mellor Película Animación.
- Nomeada ao Premio Gaudí a Mellor Película Animación 2015.
- Nomeada ao Premio Mestre Mateo a Mellor Película Animación 2015.
- Nomeada á Medalla CEC a Mellor Película Animación 2015.
- Preseleccionada para os Premios Platino como Mellor Película Animación 2015.

Festivais selección a competición LA TROPA DE TRAPO EN LA SELVA DEL ARCO IRIS

- Festival Internacional de Cine de Cartagena de Indias (Colombia).
- Festival de Málaga de Cine Español (España).
- BAFICI Buenos Aires Festival Internacional de Cine Independiente (Argentina).
- Festival Internacional de Cine de Panamá
- Festival Internacional de cine de El Cairo (Egipto).
- Black Bear Filmfest Polonia.
- Festival Internacional del Nuevo Cine Latinoamérica de La Habana (Cuba).

Premios LA TROPA DE TRAPO EN EL PAÍS DONDE SIEMPRE BRILLA EL SOL

- Premio Gaudí a Mellor Película Animación 2010.
- Nomeada ao Premio Goya a Mellor Película Animación 2010.
- Premio Jerry Goldsmith a Mellor Banda Sonora para Longametraxe (Estados Unidos).
- Premio Jerry Goldsmith a Mellor Compositor de 2011 (Estados Unidos).
- Premio Xurado Infantil a Mellor Longametraxe DIVERCINE 2012 (Uruguay).
- Premio Bronze TELLY AWARD por "Best Use of Music in an Independent Feature".
- Premio Director's Choice Festival Utah (Estados Unidos).

Premios EL GIGANTE

- Nomeado ao Premio Goya a Mellor Curtametraxe de Animación 2014.
- Premio Mestre Mateo 2013 a Mellor Curtametraxe de Animación.
- Finalista Mellor Animación CURTOCIRCUÍTO 2012.
- Finalista a Mellor Curta Galicia CURTOCIRCUÍTO 2012.
- Premio Mellor Curta Animación Festival de CanS 2012.
- Premio Xurado Popular Festival de Brasília 2012 (Brasil).
- Premio Xurado Internacional DIVERCINE 2012 (Uruguay).
- Finalista Mellor Curta para Nenos Festival TOFUZI 2012 (Georgia).
- Premio Mellor Banda Sonora Festival Aguilar de Campoo (España).
- Premio BEST CHILDREN'S ANIMATED FILM en Festival BANJALUKA (Bosnia-Herzegovina).
- Premio Amazônia Anime á Mellor Curta de animacion no Festival de Cinema de Parauapebas (Brasil).



- Premio a Mellor Curta Animación Pontino Short Film Festival (Italia).
- Premio al Mellor Curta Animación Festival Internacional KOLIBRÍ (Bolivia).
- Premio a Mellor Curta Animación Festival QUE BELLO ES VIVIR 2013 (España).
- Premio do Público Festival COMUNICORTOS de Paraiba (Brasil).
- Premio a Mellor Curta Galega Festival Internacional de Curtas de Bueu (España).
- Premio a Mellor Cine Dixital de Animación Festival Iberoamericano de Cinema de Sergipe (Brasil).
- Premio Mellor Banda Sonora Film Festival Filmets Badalona (España).
- Premio a Mellor Curta Animación Festival CINEMACORTOS A Coruña (España).
- Premio a Mellor Música Orixinal Festival CINEMACORTOS A Coruña (España).
- Mención Especial á Dirección de Arte Festival Internacional OJO AL PIOJO 2014 Rosario (Argentina).

Festivais selección oficial a competición EL GIGANTE

- Selección Clermont-ferrand (Francia).
- Máis de 60 seleccións en festivais internacionais e máis de 20 premios internacionais.

Premios LA CRISIS CARNÍVORA

- Nomeada ao Premio Mestre Mateo a Mellor Película Animación 2009.
- Seleccionada a competición en numerosos festivais internacionais.

Premios EL SOLDADITO DE PLOMO

- Prenomeado ao Premio Goya a Mellor Curta Animación 2009.
- Nomeado ao Premio Mestre Mateo a Mellor Curta Animación 2009.
- Seleccionado a competición en numerosos festivais internacionais.

Premios LA FLOR MÁS GRANDE DEL MUNDO

- Nomeada ao Premio Goya a Mellor Curta Animación 2008.
- Premio Mestre Mateo a Mellor Curta Animación 2008.
- Seleccionado a competición en numerosos festivais internacionais.

Premios DE PROFUNDIS

- Nomeado ao Premio Goya a Mellor Película Animación 2006.
- Premio Mestre Mateo a Mellor Película 2006.
- Premio Mestre Mateo a Mellor Banda Sonora Original 2006.
- Seleccionada a competición en numerosos festivais internacionais.
- Co apoio de Eurimages.





ANTARUXA

Fundada en 2005 como estudio creativo, ANTARUXA comezou en 2014 a súa actividade como estudio de animacion. Entre os traballos realizados, destacan:

NIVIS, AMIGOS DE OTRO MUNDO. 2019. Serie de ficción con animación integrada.

LEGENDS OF HALLOWAIAN. 2018. Longametraxe de animación.

WHO WE ARE. 2018. Vídeo musical de animación.

BARBIE BEACH CRUSIER. 2018. Animación para app de Realidade Aumentada.

VALENTINA. 2018. *Teaser* para longametraxe de animación.

ANIMAGIKA (MAGIC VEIL). 2016. *Teaser* para longametraxe de animación.

Teaser (título protexido por NDA). 2015. Serie de ficción con animación integrada.

ANOTHER DAY OF LIFE. 2015. Longametraxe documental de animación.

MY PRESCHOOL MONSTERS. 2014. Episodio piloto para serie de animación.

Máis información en www.antaruxa.com





BRANDÁN ÁLVAREZ BLANCO

Dirección de animación

DIRECTOR XERAL DE ANTARUXA

VALENTINA. Longa de animación.

NIVIS, AMIGOS DE OTRO MUNDO. Serie de ficción con animación integrada.

VALENTINA É DIFERENTE. *Teaser* de longa de animación. WHO WE ARE - SANDJAKE. Vídeo musical de animación. LEGENDS OF HALLOWAIIAN. Longa de animación. MAGIC VEIL. *Teaser* de longa de animación.

ANOTHER DAY OF LIFE. Longa documental de animación.

MY PRESCHOOL MONSTERS. *Teaser* e episodio piloto de serie de animación.

GUIONISTA

TUTU (temporadas 2 a 4). Serie de animación.

DIRECTOR

TUTU (2ª temporada). Serie de animación.

ESCAPE HOCKEY. Serie de animación.

SUPERVISOR CG

RASCAYÚ. *Teaser* e episodio piloto de serie de animación. ESCAPE HOCKEY. Serie de animación.

DRIP & DROP. *Teaser* de serie de animación

ANIMAGIKA. *Teaser* de serie de animación.

QUEST SCHOOL. *Teaser* de serie de animación.

SUPERVISOR DE LAYOUT

ESCAPE HOCKEY. Dous episodios pilotos de serie de animación.

CRIBBA THE VAMPIRE. Curta de animación.

HOLY NIGHT! Longa de animación.

100x1. Campaña publicitaria para Movistar. SPIRIT OF THE FOREST. Longa de animación.

LAYOUT

SPIRIT OF THE FOREST. Longa de animación.

MOSQUIS: THE TWO JARS. Curta de animación.

DIRECTOR TÉCNICO XERALISTA

SPIRIT OF THE FOREST. Longa de animación.

MIDSUMMER DREAM. Longa de animación.

MOSQUIS: THE TWO JARS. Curta de animación.

DIFERENTES PERFÍS

Iluminador:

DAY OF THE DEAD. Longa de animación.

Compositor dixital:

PSICONAUTAS. *Teaser* de longa de animación.

Ponente:

App Inventor 2. Taller de Android.

Deseñador de personaxes:

VERE. Proxecto de investigación.

Edición:

CRIBBA THE VAMPIRE. Curta de animación.

Grafista de atrezzo:

AS LEIS DE CELAVELLA. Serie de ficción.





valentina

www.valentinafilm.es

CONTACTO

CHELO LOUREIRO
chelo@abano.es
+34 698 129 557
www.abano.es

Contacto en Galicia:
www.cinenarua.com
Susana PG (+34) 637 052 663
cinenaruagal@gmail.com



Súper 8 Distribución
Mob: (+34) 696 456 584
Tel: (+34) 91 737 0247
C/ Juan Ignacio Luca de Tena, 8
28027 Madrid
www.super8distribucion.es

